



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL PEL CONCELLOS 2025, AUXILIAR DE BIBLIOTECA.

Reunidos ás 09:30 horas en data 8 de xullo de 2025 na sala de Comisións da Casa do Concello, os membros do tribunal de selección de persoal temporal PEL Concellos 2025, 1 auxiliar de biblioteca, conforme as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 04/04/2025 e publicadas no BOP 9 de abril de 2025.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do alcalde . Aprobando a lista definitiva e fixando a data de constitución, realización probas de galego, proba tipo test e valoración do concurso .

Estando presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidente: Ramón Torreiro González. Bibliotecario do Concello de Arzúa

Vogais:

- Maria de las Nieves Cives Estevez . Bibliotecaria do Concello de Santa Comba
- Beatriz Duran Rodríguez. Biblotecaria do Concello de Oroso.

Secretaria: Irene Couselo del Río. Axiliar administrativa do Concello de Arzúa.

Non asistindo o vogal, Luis Fole Barrio (arquitecto técnico Concello de Arzúa)

Polo presidente declarase constituido o tribunal, non presentándose ningún/ha dos/as aspirantes convocados/as para realizar a proba galego prevista na base 6 apartado g): Ana Baamonde Silva, Lucas Feal Allegue e Xosé García Rodríguez, polo que quedan excluidos/as do proceso selectivo.

Logo o tribunal desprazase as instalacións da Aula Cemit, sita na rúa de Lugo, para levar a cabo o exame da Fase oposición, base 9.2.1, que consistirá na realización dunha proba tipo test con 20 preguntas do temario contido no Anexo III (faranse 5 de reserva para a cobertura en caso de impugnacións), cunha puntuación total de 8 puntos valorando cada resposta correcta con 0,4 puntos (non restan as mal contestadas nin as non contestadas) debendo obter unha puntuación de 4 para entender superada a proba de oposición.

O tribunal por unanimidade **Acordou:**

Primeiro: Visto que nas bases non se marca tempo de realización da proba dar os aspirantes 30 minutos.

Segundo.- Realizar a seguinte proba de oposición:

EXAME TIPO TEST AUXILIAR BIBLIOTECA (PEL2025) COAS RESPOSTAS CORRECTAS MARCADAS EN NEGRILLA

1.-A sede da Biblioteca de Galicia está en:

- A) Santiago.**
- B) A Coruña
- C) Vigo

2.- Según a IFLA, os niveis de humidade relativa recomendados para os depósitos estarían:

- A) Entre 45%-65%.**
- B) Entre 65%- 75%.
- C) Menos de 35%.

3.- A mención de serie en formato MARC21 para rexistros bibliográficos inclúese nun campo:

- A) 5XX.
- B) 8XX.
- C) 4XX.**

4.- O acto formal polo que un documento queda incorporado á colección denomínase:

- A) Selaxe.
- B) Adquisición.
- C) Rexistro.**

5.- Cal das seguintes frases sobre a periodicidade das publicacións é falsa?

- A) Bimensual e quincenal son sinónimos.
- B) Bimestral y bimensual son sinónimos.**
- C) Bisemanal e quincenal son sinónimos.

6.- Os libros de Lectura Fácil están dirixidos a:

- A) A todas as persoas, en especial as persoas con dificultades de comprensión lectora, xa sexan permanentes ou transitorias.**
- B) Exclusivamente para persoas con diversidade funcional.
- C) Son textos dirixidos a persoas maiores.

7.- ¿Cada canto tempo as Bibliotecas Públicas, teñen que elaborar as súas estadísticas?

- A) Cada 3 anos.
- B) Anuais.**
- C) Semestrais.

8.- Cal das seguintes publicacións non están suxeitas á obrigación do Depósito Legal

- A) Libros e folletos destinados ou non á venda
- B) Partituras
- C) Dossier de prensa**

9.- Cal destas definicións de folleto é correcta:

- A) Publicación periódica que consta de 8 a 48 páxinas sen contar as cubertas.
- B) Publicacións de 50 a 60 páxinas.
- C) Publicación impresa non periódica que consta de máis de 4 páxinas e menos de 50.**

10.- Un catálogo colectivo é:

- A) O catálogo que recolle os rexistros bibliográficos de varias bibliotecas**
- B) O catálogo que recolle os rexistros de todas as seccións de unha biblioteca
- C) O catálogo que recolle as obras que sobre unha determinada materia posúe unha biblioteca.

11.- Que é o NIPO?

- A) Código internacional para identificación de documentos sonoros.
- B) Código identificador que se constitúe como dato fundamental para o control das publicacións da administración pública.**
- C) Código identificador para publicacións seriadas.

12.- Como se estruturan os díxitos do NIPO:

- A) XXX-XX-XXX-X**
- B) XXX-XXX-XXX
- C) XX-XXX-XX-XX

13.- Que é o Z3950?

- A) É un estándar internacional que se utiliza para configurar as buscas e a recuperación de información entre bibliotecas e centros de documentación.
- B) É un protocolo internacional para a catalogación de publicacións periódicas utilizado nos países de fala hispánica.
- C) O Z3950 é un protocolo para catalogación e préstamo de libros electrónicos.

14.- Dadas as signaturas topográficas:

N-CER-ing / N-CER-bil / N-CAM-muj / N-CAM-nau

Cal orde alfabética é válida?

- A) N-CER-ing / N-CER-bil / N-CAM-nau / N-CAM-muj
- B) N-CAM-muj / N-CER-bil / N-CAM-nau / N-CER-ing
- C) N-CAM-muj / N-CAM-nau / N-CER-bil / N-CER-ing

15.- Segundo o Artigo 13 da Ley 5/2012 de Bibliotecas de Galicia, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia terá a seguinte estrutura:

- A) a) Bibliotecas centrais territoriais.
b) Bibliotecas centrais municipais.
c) Bibliotecas de proximidade.
d) Bibliotecas locais
e) Servizos bibliotecarios móbiles.
- B) a) Bibliotecas integradas
b) Bibliotecas non integradas
c) Bibliotecas privadas
- C) a) Bibliotecas públicas
b) Bibliotecas privadas
c) Bibliotecas de xestión mixta

16.- Con respecto ao documento electrónico, a INTEGRIDADE e a propiedade que:

- A) Indica que o seu contido pode ser considerado unha representación completa e precisa das actuacións, das actividades ou dos feitos dos que da testimonio eo que se pode recurrir no curso de posteriores actuacións ou actividades.
- B) Permite que este poida ser localizado, recuperado, presentado ou interpretado.
- C) Indica o seu carácter de completo, sin alteración de ningún aspecto esencial.

17.- En que número das táboas principais da CDU está incluída a relixión:

- A) 6
- B) 2**
- C) 3

18.- O artigo 5º da Constitución di:

- A) A capital do Estado é a vila de Madrid**
- B) A capital do Estado é a cidade de Madrid
- C) A capital de España é Madrid



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

19.- Os poderes da comunidade autonoma exércense a través:

- A) do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.
- B) do Parlamento, do Senado e da Xunta
- C) do pobo mediante as eleccións.

20. Conforme ao Estatuto de Autonomía, os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos:

- A) Na Constitución.
- B) No Estatuto de Autonomía de Galicia
- C) As dúas respostas anteriores a) e b) son correctas.

Reservas:

R1. – A signatura topográfica indica:

- A) A procedencia da obra.
- B) A localización da obra na biblioteca.
- C) A materia de que trata a obra.

R2.- Que é KOHA?

- A) Un programa para préstamo dixital.
- B) Un Sistema Integrado de Xestión de Bibliotecas.
- C) As dúas son falsas.

R3.- En que ano se empeza a utilizar ISBN en España?

- A) 1969
- B) 1972
- C) 1976

R4.- Con que se corresponde o último díxito do ISBN?

- A) Número de control
- B) Editor
- C) País de publicación

R5.- Sinala cal das seguintes non é unha fase do documento electrónico:

- A) Captura
- B) Mantemento e uso
- C) Dixitalización

A dita proba presentanse os seguintes aspirantes:

- Victor Bruzos Cendan.
- Carmen Iglesias Saavedra



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

- Maria Concepción Formoso Garcia
- Marta Vázquez Agra
- Concepción Fernández Segade
- Eva Dapena Zapico
- Miguel Angel Mateos Carreira
- Carmen Maria Riestra Puga
- Miguel Luis de Matos Moreira
- Maria Luisa Arias Arias

A proba de oposición iniciouse ás 10:09 horas e rematou as 10:39 horas., unha vez rematada dita proba os membros do tribunal abriron o sobre onde se encontraban as follas coas respostas dadas por cada aspirante, cun número de código para non coñecer a entidade dos aspirantes, unha vez correxido o exame procedeuse a abrir outro sobre onde estaba o nomes e apelidos dos aspirantes que correspondía con cada código, unha vez feito todo isto, o Tribunal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Excluir por non terse presentado á proba de oposición os aspirantes que seguen:

- Silvia Veiga Romero
- Ainoa Prado Romero
- Lorena Salvado Carril
- Sara Igrexas Vázquez
- Sandra Afonso Tabares
- Carlos Rouco Sánchez
- Sheila Sánchez Cabo
- Eugenio Luis Suarez Sánchez
- Cristina González Nieto
- Ivan González Peteiro
- Cristina Huertas Gomez
- Noelia Felpeto Rodríguez
- Sandra López Vázquez
- Carla Gonzalez Romero

SEGUNDO.- Outorgar as seguintes puntuacións os aspirantes presentados (para superar a proba hai que ter unha puntuación mínima dun 4).

NOME E APLIDOS	FASE OPOSICION
Victor Bruzos Cendan.	3,6
-Carmen Iglesias Saavedra	5,6
- Maria Concepción Formoso Garcia	6,4
-Marta Vázquez Agra	5,6
-Concepción Fernández Segade	4,8
-Eva Dapena Zapico	5,6
- Miguel Angel Mateos Carreira	6,4
- Carmen Maria Riestra Puga	5,6
-Miguel Luis de Matos Moreira	6,8
-Maria Luisa Arias Arias	5,6

Unha vez correxidos os exames da fase oposición, o tribunal procede a valoración dos méritos, dos aspirantes que superaron a fase de oposición (puntuación mínima 4 puntos), segundo o indicado na base 9.2.2 Fase de concurso: Formación: valorarase este apartado ata un máximo de 2 puntos.

-Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas: 0,50 puntos por cada programa, ata un máximo de 2 puntos.

A acreditación deste mérito deberá efectuarse mediante certificación expedida pola Administración pública que corresponda.

A continuación o tribunal procede a valoración dos méritos outorgando as seguintes puntuacións.

NOME E APELIDOS

-Carmen Iglesias Saavedra

FASE CONCURSO

-Redes sociais e marketing (SEPE)- 0,50
-Formación non formal de cualificación e
recualificación da poboación activa atención o
cliente e calidade do servizo (Xunta de Galicia)-
0,50
-Dependente comercio: boas prácticas (Xunta de
Galicia)- 0,50

- Maria Concepción Formoso Garcia

TOTAL: 1,50

-Formación para implantación planes y medidas
de igualdad de las empresas (Ministerio de
Igualdad)- 0,50
- Ofimática avanzado (Fondo social Europeo,
Inem)- 0,50
-Scopus perfiles de autor introducción (Ministerio
de ciencia e innovación)-0,50
-Taller de tasación de libros antiguos y modernos
(Universidad de Leon)-0,50

TOTAL: 2

-Marta Vázquez Agra

-Verificación de avisos fenómenos
meteorológicos adversos en el ámbito del Sistema
nacional de predicción (Ministerio para la
transición ecológica)-0,50
-Introducción as bases de datos relacionais
(database,Foundations) (Xunta de Galicia)-0,50
-Concenciación en seguridad aeroportuaria
(Ministerio para la transición ecológica y reto
demográfico)-0,50
-Mejora de cifrado del Metar y uso de aplicación
alcores(Ministerio para la transición ecológica y
reto demográfico)-0,50

TOTAL: 2

-Concepción Fernández Segade

-Eva Dapena Zapico

0

-Conservación y restauración de bienes culturales
(Principado de Asturias)-0,50

TOTAL: 0,50

- Miguel Angel Mateos Carreira

- Acciones formativas dirigidas prioritariamente a
trabajadores desempleados (Xunta de Galicia)-
0,50
-Archivos, museos, lugares e xente (USC)- 0,50



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña

Teléfono: 981 50 00 00

- Carmen Maria Riestra Puga
- Miguel Luis de Matos Moreira

-Plans formación operación de gravación e
tratamento de datos e documentos (Xunta de
Galicia)- 0,50

-Certificado de profesionalidade actividades de
venta (Xunta de Galicia)- 0,50

TOTAL: 2
0

-Desenvolvimiento de um thesaurus para
camaras municipais- (universidad Oporto)- 0,50

-Biblioteca generali e di Studi Sari- Archivio
Storico- =0,50

TOTAL : 1

-Maria Luisa Arias Arias

-Ingles A2.1 (Ministerio de Educación, Formación
profesional y deporte)- 0,50

TOTAL: 0,50

Sendo as puntuacións finais as seguintes:

NOME E APELIDOS	FASE OPOSICION	FASE CONCURSO	PUNTUACION FINAL
MARIA CONCEPCION FORMOSO GARCIA	6,4	2	8,4
MIGUEL ANGEL MATEOS CARREIRA	6,4	2	8,4
MIGUEL ANGEL DE MATOS MOREIRA	6,8	1	7,8
MARTA VAZQUEZ AGRA	5,6	2	7,6
CARMEN IGLESIAS SAAVEDRA	5,6	1,5	7,1
MARIA LUISA ARIAS ARIAS	5,6	0,5	6,1
EVA DAPENA ZAPICO	5,6	0,5	6,1
CARMEN MARIA Riestra Puga	5,6	0	5,6
CONCEPCION FERNANDEZ SEGADE	4,8	0	4,8

A vista de que entre os dous aspirantes que quedaron de primeiros houbo un empate, e segundo a base 10 que indica:

No caso de empate nas puntuacións totais finais de dous/dúas ou mais aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego, e si aínda así persistira o empate.
2. Maior antigüidade en situación de desemprego.

O Tribunal por unanimidade **ACORDOU:**



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña

Teléfono: 981 50 00 00

Primeiro: Requirit a Maria Concepción Formoso Garcia e a Miguel Angel Mateos Carreira, para que presenten no prazo de 5 días hábiles, a partir do seguinte da publicacion da presente acta no taboleiro de edictos, xustificante ou certificado expedido polo SEPE, de que non perciben ningún tipo de prestación ou subsidio, e tempo de permanencia en situación de desemprego.

Segundo. – Abrir un prazo 5 días hábiles, a partir do seguinte da publicacion da presente acta no taboleiro de edictos, para que os interesados neste procedemento presenten as alegacións que consideren.

Polo presidente, sendo as 12:35 horas levántase esta sesión, remitíndose a acta para sinatura de todos os membros do tribunal.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe.